

# ANUNCIO

## ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS ( SILLEDA - PONTEVEDRA )

### PRAZO PARA MANIFESTACIÓN DE PREFERENCIAS DE LOCALIZACIÓN DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria as persoas titulares, ou os seus representantes debidamente acreditados, poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución ata o luns, **31 de marzo de 2025, incluído**.

**En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionarán os resultados técnicos do proceso.**

Os escritos deberán presentarse nas oficinas da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. (Sede electrónica da Xunta de Galicia: solicitude xenérica PR004A)

**Co fin de facilitarlles o cumprimento deste trámite, vaise establecer un calendario de atención ao público na zona (local social de Oleiros) que se anunciará nos lugares de costume e na web da Consellería do Medio Rural.**

**Tamén estará á súa disposición un modelo de manifestación de preferencias e os planos actualizados das bases da zona.**

**Dirección web:** (na sección "Publicacións", Fase: "Elaboración do acordo"):

- Ligazón: <https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>

- Escaneando o código QR:

Pontevedra, data da sinatura electrónica,  
A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias  
María José Pérez Gil

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS  
Rúa Polideportivo, 1 baixo  
36500, Lalín, Pontevedra  
T. 886 159 452 - 886 159 454  
[mediorural.xunta.gal](https://mediorural.xunta.gal)

